



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Instrución 1-2020 de servizo Rexistro Xeral

Dítase e presente instrución ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Como complemento á Instrución 1-2017 ditada o 01.08.2017, e diante de circunstancias actuais debido á ausencia dun dos funcionarios do Rexistro xeral do Concello de Bergondo, habilitados para a expedición de copias auténticas dos documentos públicos administrativos ou privados nos termos do disposto no punto 1 do artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, e en tanto en canto sexa substituído polo funcionario interino Óscar Vázquez Torres, con D.N.I. nº 32663592G.

En cumprimento do disposto no artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e demais aplicables, **disponse:**

Primeiro. Desinar, como funcionario habilitado para a expedición de copias auténticas dos documentos públicos administrativos ou privados nos termos do disposto no punto 1 do artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, ao funcionario interino do Rexistro Xeral do Concello de Bergondo, Óscar Vázquez Torres, durante o período que desempeñe o seu posto.

O citado funcionario deberá dixitalizar os documentos que os cidadáns presenten en papel, consonte co disposto no artigo 27 da Lei 39/2015, para a súa incorporación aos expedientes electrónicos, devolvéndolle aos interesados os documentos presentados e procedendo á sinatura na aplicación informática de rexistro deses documentos como "*Firmar*" ou "*Firmar copia electrónica auténtica*", tal e como se indicou no corpo da Instrución 1-2017, do 01.08.2017, publicada no portal de transparencia do Concello de Bergondo e páxina web municipal, e sen prexuízo de aqueles supostos nos que a norma determine a custodia pola administración dos documentos presentados ou resulte obrigatoria a presentación en soportes específicos non susceptibles de dixitalización .

Dita sinatura ten o valor aclarado no corpo da citada instrución 1-2017, sen supoñer en ningún caso exercicio de fé pública nin acreditar autenticidade de orixinal que o interesado dí presentar sen prexuízo de que a Lei 39/2015 lles dea a ditas copias a mesma validez e eficacia que ao orixinal, como sinala o artigo 27 da Lei 39/2015.

O citado funcionario interino está tamén autorizada para as operacións de intercambio rexistral no SIR.

En todo o non previsto neste instrución complementaria aplícase íntegramente a instrución 1-2017.

Segundo. Publíquese a presente instrución nos termos da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Bergondo, 30 de xaneiro de 2020

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez